

**PRIMEIRA FASE DA PROLONGACIÓN
DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE.
TREITO: SANTA IRENA - AC-432.
ACTUALIZACIÓN**

1. Obxecto da actuación

Redáctase este novo proxecto co fin de actualizar o proxecto AC/16/219.06, redactado no ano 2018, en canto a avaliación económica das obras, actualización da normativa aplicable, prazo de execución e inicio de novo procedemento de información pública; mantendo a xeometría definida e, en xeral, todos aqueles alcances e contidos que non perderon vixencia ata a data de hoxe.

O obxecto da actuación é definir as obras necesarias para o remate da obra parcialmente executada, unha vez que se procedeu á resolución parcial do contrato de concesión de obra pública da Autovía da Costa da Morte no relativo á construción das obras do desdoblamento entre as ligazóns de Baio Norte – Santa Irena e da Autovía entre Santa Irena e Berdoias; e proceder así coa primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte entre o Enlace de Santa Irena e o futuro enlace norte de Vimianzo. A actuación discorre integramente polo concello de Vimianzo.

2. Plan de Estradas

A estrada VG-1.5 *Baio (AG-55) - Santa Irena (AC-552)* pertence á rede estruturante das vías para automóviles da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

A Autovía da Costa da Morte entre Carballo e Berdoias ten unha lonxitude total de 41,86 km e divídese en dous tramos:

- Tramo I: Autovía Carballo – Baio, de 25,4 km de lonxitude (posta en servizo).

- Tramo II: Vía para automóviles Baio – Berdoias, con 16,46 km de lonxitude (executada parcialmente).

Deste xeito, as obras consisten na execución dunha nova vía de calzada única sobre o carril esquerdo (un carril por sentido) preparada para, no futuro, converterse en autovía (dous carrís por sentido con separación física entre ambos os sentidos de circulación), cun carril de vehículos lentos entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 5+556 e 6+800. Non obstante, nesta fase tamén se executarán na calzada dereita o movemento de terras, as obras de paso transversais e cimentacións e estribos dos viadutos.

O proxecto inclúe o enlace completo de Santa Irena, analiza a disposición dun enlace directo ó polígono empresarial de Vimianzo, do que só se executará o movemento de terras dos terrapléns, e proxéctase a conexión final temporal coa AC-432, que servirá de base para a futura execución do enlace completo de Vimianzo Norte.

O tramo da actuación, que vai do P.Q. 1+600 ao 7+400, discorre polo norte da AC-552 e dos núcleos de poboación que se sitúan sobre esta.

4. Características técnicas

Seccións tipo:

Lonxitude do proxecto: 5.800 m

Velocidade do proxecto: 100 Km/h (tronco), 40-60 km/h (ramais)

Seccións:

- Tronco futura autovía: dobre calzada con 2 carrís de 3,5 m cada unha + 2,5 m beiravía exterior + 1,5 m beiravía interior + mediana reducida de 2,0 m + 0,75 m beiravías exteriores.
- Tronco vía para automóviles: 2 carrís de 3,5 m + 2,5 m beiravías + 0,75 m bermas.
- Ramais unidireccionais: carril de 4 m de ancho en recta e 3,5 m de ancho máis sobreanchos nas curvas, cun mínimo de 4 m + 1,0 m de beiravía interior + 2,5 m de beiravía exterior + 0,75 m de berma.
- Ramais bidireccionais: 2 carrís de 3,5 m de ancho máis sobreanchos + 2,5 m beiravía exterior + 1,0 m beiravía interior + mediana reducida de 2,0 m + 0,75 m beiravías exteriores.
- Rotonda: 2 carrís de 4,0 m de ancho + 1,0 m beiravías.
- Reposición estradas Autonómicas e Provinciais: en xeral, 2 carrís de 3,50 m + 1,5 m beiravías + 0,5 m bermas.
- Reposición estradas Municipais: 2 carrís de 3,0 m + 0,50 m beiravías.
- Reposición de camiños: camiños transversais de 6,0 m de ancho, sen beiravías nin bermas, agás no tramo do paso elevado, que aumenta a 7,0 m. Os camiños agrícolas laterais teñen unha anchura de 5,0 m, sen beiravías nin bermas.

Firmes principais:

- Tronco principal en calzada e beiravías $\leq 1,25$ m: 20 cm solo-cemento prefisurado, rega de curado C60B3 CUR + rega de adherencia (RA) C60B3 TER + 7 cm capa base de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC 22 base 50/70 G + RA C60B3 TER + 5 cm capa intermedia de MBQ tipo AC 22 bin 50/70 D + RA C60BP3 TER + 3 cm capa de rodadura de MBQ descontinua tipo BBTM 11B PMB 45/80-60.
- Tronco principal en beiravías $> 1,25$ m: 27 cm solo-cemento prefisurado + rega de curado C60B3 CU + RA C60B3 TER + 5 cm capa intermedia de MBQ tipo AC 22 bin 50/70 D + RA C60BP3 TER + 3 cm capa de rodadura de MBQ descontinua tipo BBTM 11B PMB 45/80-60.
- Ramais e vías de enlace en calzada e beiravías $\leq 1,25$ m: 22 cm solo-cemento prefisurado + rega de curado C60B3 CUR + RA C60B3 TER + 7 cm capa intermedia de MBQ tipo AC 22 bin 50/70 S + RA C60B3 TER + 5 cm capa de rodadura de MBQ tipo AC 16 surf 50/70 D.
- Ramais e vías de enlace en beiravías $> 1,25$ m: 29 cm solo-cemento prefisurado + rega de curado C60B3 CUR + RA C60B3 TER + 5 cm capa de rodadura de MBQ tipo AC 16 surf 50/70 D.
- Estradas autonómicas e provinciais:
 - Na calzada: 30 cm capa base de saburra artificial + rega de imprimación C60BF4 IMP + 5 cm capa intermedia de MBQ tipo AC 22 bin 50/70 S + RA C60B3 TER + 5 cm capa de rodadura de MBQ tipo AC 16 surf 50/70 S.
 - Beiravías de 1,5 m: 35 cm capa de saburra artificial + rega imprimación C60BF4 IMP + 5 cm capa de rodadura de MBQ tipo AC 16 surf 50/70 S.
- Estradas municipais (na estrada e beiravías): 25 cm capa base de saburra artificial + rega de imprimación C60BF4 IMP + 5 cm capa de rodadura de MBQ tipo AC 16 surf 50/70 S.
- Reposición de camiños:
 - Camiños con dobre tratamento superficial: 30 cm de solo seleccionado + 30 cm de saburra artificial + dobre tratamento superficial emulsión C65B3.
 - Camiños sen dobre tratamento superficial: 30 cm de solo seleccionado + 30 cm de saburra artificial.

- Estradas que se vaian a substituír con pendentes lonxitudinais superiores ao 20%: 30 cm de solo seleccionado + 30 cm de saburra artificial + 30 cm de pavimento de formigón HM-20.
- Tramos de camiños sobre pasos elevados: rega da impermeabilización do taboleiro C60BF4 IMP + RA C60B3 TER + 5 cm capa de rodadura de MBQ tipo AC 16 surf 50/70 S.

Estruturas:

- **Viadutos:** 3 viadutos:

• Río Grande II (P.Q. 2+422 ao 2+512): permite o paso da autovía sobre o río Grande, con 3 vans de 30+30+30 m de luces (lonxitude total de 90 m). Formado por 2 taboleiros separados 0,75 m. Na actualidade os cimentos e os fustes de pilas e estribos están construídos e serán demolidos para proceder coa construción da nova subestrutura.

• Río Grande III (P.Q. 3+537 e 3+601): permite o paso da autovía sobre o río Grande, con 3 vans de 14+36+14 m de luces (lonxitude total de 64 m). No presente proxecto deséñase a estrutura completa da calzada esquerda e só os estribos da calzada dereita.

• Vimianzo (P.Q. 7+005 e 7+249): permite o paso da autovía sobre o río Vimianzo, con 5 vans de 38+55+55+55+41 m de luces (lonxitude total 244 m). Este proxecto abrangue a estrutura completa da calzada esquerda e os estribos da dereita. A solución estrutural consiste nun taboleiro de sección completa, de sección caixón de formigón pretensado in situ.

- **Muros:** 2 muros en ménsula de formigón executado in situ: no P.Q. 0+040 de 69 m de lonxitude e no P.Q. 0+400 de 60 m de lonxitude.

- 6 Pasos superiores (PS) (PP.QQ: 1+890-2+050-2+720-4+430-5+180-6+150) e 2 pasos inferiores (PI) (PP.QQ.: 3+830 Y 6+880).

Drenaxe:

Revisión hidráulica das 7 obras de drenaxe transversal xa executadas e ampliación lonxitudinal de 3 destas ODTs. A drenaxe lonxitudinal resólvese mediante gabias de seguridade laterais cun ancho total de 3 m, con pendentes 1V:6H e 1V:6H.

Sinalización, balizamento e defensas.**5. Poboación Servida (INE 2024)**

Vimianzo 6.808 hab.

TOTAL 6.808 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Vimianzo.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 94 (50 pleno dominio, 38 ocupación temporal e 6 de servidume)

<u>Orzamentos</u>	<u>Parcelas</u>	<u>Bens</u>
Pleno Dominio	48.854,23 €	14.763,56 €
5% Premio Afección	2.442,71 €	738,18 €
Expropiacións Temporais	10.138,49 €	15.870,19 €
<u>Servidume</u>	<u>3.125,51 €</u>	<u>889,50 €</u>

Total Expropiacións 96.822,37 €


8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de **TRINTA E SEIS (36) meses**.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	36.108.540,96 €
Orzamento Reposición Servizos afectados	127.393,39 €
Orzamento Expropiacións	96.822,37 €
Orzamento Plan de Vixilancia Ambiental	40.283,03 €
Orzamento Vixilancia Activos	19.806,86 €
Orzamento para coñecemento da administración	36.392.846,61 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

